

Informe do Sector Lácteo

Outubro 2022




Evolución das entregas de leite



Evolución das entregas de leite en Galicia e España

EVOLUCIÓN DAS ENTREGAS DE LEITE EN ESPAÑA E GALICIA DESDE XANEIRO A OUTUBRO DO 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MAPA.

En outubro do 2022, no conxunto de **España** as entregas diminuíron un 2,02% e en **Galicia** un 2,21% respecto a outubro de 2021.




Evolución das entregas de leite en Galicia e España

VARIACIÓN (%) ENTREGAS XAN.-OUT. 2022 COMPARADAS CON XAN.-OUT. 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MAPA.

ENTREGAS DE LEITE (t) DAS CCAA ENTRE XAN. E OUT. 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MAPA.


- ▶ **Galicia** é das principais rexións produtoras que menos reducen as súas entregas no 2022 (-0,29%), sendo con todo a CCAA con maior volumen de entregas (2.488.903 t), que representa o 40,75% das entregas de **España**.
- ▶ O resto das principais rexións produtoras diminuíron as entregas de xeito moito máis acusado (Castela e León un 2%, Cataluña un 2,24%, Andalucía un 3,22% e Asturias un 4,89%).
- ▶ So tres rexións auménaron as súas entregas (Castela a Mancha, Aragón e A Rioja) pero parten de volumes de produción pouco relevantes no eido da produción láctea en España.



Evolución dos prezos



EVOLUCIÓN DOS PREZOS DE LEITE EN ESPAÑA E GALICIA DESDE XANEIRO A OUTUBRO DO 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MAPA.

- ▶ O prezo medio pagado polo leite en **Galicia**, en outubro de 2022, situouse en 53 c/L, mentres que en **España** chegou aos 55,6 c/L.
- ▶ En **Galicia** os prezos pagados a produtores incrementáronse desde outubro de 2021 un 54,97%.
- ▶ Desde decembro de 2021, o incremento foi de 17,4 céntimos/litro de leite (+48,88%).



Evolución dos prezos do leite en Galicia e España

PREZO PAGADO AOS PRODUTORES (CENT/LITRO) DESDE XAN-OUT 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MAPA.

- **Galicia**, sendo a maior produtora, tivo durante todo o ano os prezos pagados ao produtor máis baixos, agás no mes de outubro no que Asturias pasa a ocupar a última posición.



Evolución dos prezos do leite en Galicia e España con respecto a Europa

EVOLUCIÓN DOS PREZOS DO LEITE SETEMBRO 2016 A SETEMBRO 2022 (€/100KG)



Fonte: Elaboración propia a partir de información do Milk Market Observatory.

- ▶ O prezo pagado a produtores en **España** en setembro de 2022 é un 11,83% inferior ao Europeo.
- ▶ En **Galicia** é un 13,98% inferior.



PREZOS DAS DIFERENTES MARCAS NOS LINEAIS DE SUPERMERCADOS E HIPERMERCADOS NA SEMANA 47 (4ª SEMANA DE NOVEMBRO) DO ANO 2022

	Leite enteiro	Leite semidesnatado	Leite desnatado
Prezo medio marca de fabricante (€/l)	1,062	1,065	1,067
Prezo medio marcas brancas (€/l)	0,760	0,818	0,816
Diferencial	39,74%	30,20%	30,76%

Media prezos marcas de fabricante	Media prezos marcas brancas	Diferencial
1,06 €/l	0,79 €/l	34,18%


- ▶ Existe unha gran diferenza de prezos entre a marca de fabricante e a marca branca.
- ▶ Esta diferenza é máis acusada no leite enteiro (a marca de fabricante ten un prezo un 39,74% superior á MDD).
- ▶ Coas medias das tipoloxías, a marca de fabricante ten un prezo un 34,18% superior ao da marca branca.

Fonte: Elaboración propia a partir dos prezos de venda en supermercados e hipermercados.



Índice de precios ao consumo (IPC) do leite en España

EVOLUCIÓN DO IPC DO LEITE E DOS SEUS DERIVADOS EN ESPAÑA PARA O PERIODO 2017-2022




- ▶ Os prezos do leite enteiro e desnatado aumentaron nos lineais desde decembro de 2021 ao redor dun 23%.
- ▶ O incremento dos prezos doutros derivados lácteos oscila entre o 16 e 18%.


Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Dirección General de Análisis Macroeconómico y Economía Internacional.




EVOLUCIÓN PREZOS DESDE DECEMBRO DE 2021




LEITE



QUEIXO E CALLADA




IOGUR



OUTROS PRODUTOS LÁCTEOS



EVOLUCIÓN DOS PREZOS DA ENERXÍA E DAS MATERIAS PRIMAS DESDE DECEMBRO DE 2021



Fonte: INE e Ministerio Agricultura Pesca e Alimentación.



Evolución de prezos e custos na cadea

	Variación custes de produción (%)	Variación dos prezos pagados ao produtor (%)	Variación dos prezos nos lineais (%)
Variación desde xan. 2022 ata out. 2022	+11,76 %	+48,88 %	+22,94 %


- ▶ Os incrementos dos prezos do leite pagado aos produtores no 2022 máis que compensou o incremento dos custos de produción, polo que as marxes das gandarías de **Galicia** mellorou no 2022 con respecto ao ano anterior.
- ▶ Os prezos nos lineais en 2022 incrementáronse menos en termos porcentuais que os pagados aos produtores.
- ▶ A industria láctea, especialmente a orientada á fabricación de leite en brik, deteriorou as súas marxes por non ser capaz de repercutir nos prezos de venda á distribución o incremento dos custos que está soportando, tanto pola compra de leite, como polo incremento dos custos da enerxía.



Transformación industrial




Transformación industrial segundo encuesta industrial de produtos (EIP)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa Industrial de Produtos (EIP).

Segundo datos da Enquisa Industrial de Produtos (EIP), no ano 2021 transformouse en **Galicia** o 55,76% do leite producido na Comunidade.



Transformación industrial estimación propia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa industrial de produtos engadido para os anos 2020 e 2021 unha estimación do leite transformado na Comunidade por operadores que se considera non foron recollidos na Enquisa Industrial de Produtos.


A Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego fixa como **obxectivo para 2025 transformar en Galicia o 75% do leite producido.**

- ▶ A realidade indica que no 2021 industrializouse en Galicia o 63,23% do leite producido.
- ▶ Isto representa un incremento do 31,02% no período 2016-2021.
- ▶ No ano 2018, o nivel de transformación industrial era do 51,7%(*).
- ▶ O incremento desde esa data foi do 22,39%.

(*). Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego




TRANSFORMACIÓN INDUSTRIAL EN GALICIA




- ▶ A transformación de leite en Galicia incrementouse nun 50,32% entre 2016 e 2021, o que supuxo un incremento na transformación de máis de 630.000 toneladas.
- ▶ Entre 2018 e 2021, aumentouse en 473.377 toneladas o leite transformado en Galicia, un 33,45% de incremento.


Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa industrial de produtos engadido para os anos 2020 e 2021 unha estimación do leite transformado na Comunidade por operadores que se estima non foron recollidos na Enquisa Industrial de Produtos.



LEITE INDUSTRIALIZADO EN GALICIA 2016 EN % LEITE EQUIVALENTE



LEITE INDUSTRIALIZADO EN GALICIA 2021 EN % LEITE EQUIVALENTE




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa industrial de produtos.

*Queixo Coeficiente axutado ao queixo producido en Galicia segundo o CETAL

**Leite en po Dato con segredo estatístico, polo que se obtén de restar ao total todos os produtos e dividir entre 2 para repartir en desnatado e enteiro

- ▶ Entre 2016 e 2021, reduciuse a porcentaxe de leite líquido producido en industria, igual que aconteceu coa manteiga, os iogures e o leite en po enteiro. Pola contra, a produción industrial de leite en po desnatado, da nata, dos queixos e do leite concentrado aumenta.



Transformación industrial

Producto	2016		2021		Variación (t) (2021-2016)	Variación (%)
	Leite Equivalente (t)	Leite Eq. (%)	Leite Equivalente (t)	Leite Eq. (%)		
Leite líquido	678.269	58,5%	842.110	50,6%	163.841	24,16%
Nata	132.491	6,7%	265.143	15,9%	132.652	100,12%
Leite en po desnatado	15.974	1,6%	29.350	1,8%	13.376	83,73%
Leite en po enteiro	23.489	2,4%	11.209	0,7%	-12.280	-52,28%
Manteiga	87.132	7,3%	70.422	4,2%	-16.709	-19,18%
Queixo*	194.986	14,4%	288.500	17,3%	93.514	47,96%
Leite concentrado	96.693	6,9%	129.962	7,8%	33.269	34,41%
logures	27.225	2,1%	28.814	1,7%	1.589	5,84%
Lactosoro	-	0,0%	-	0,0%	-	-
Resto**	36	0,0%	-	0,0%	-36	-100,00%
TOTAL	1.256.296	100,0%	1.665.510	100,0%	409.215	32,57%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa industrial de produtos.


- ▶ O leite equivalente empregado nas distintas categorías de produtos elaborados en Galicia aumentou en todas elas, agás o destinado á elaboración de leite en po enteiro e a manteiga.
- ▶ Destaca o aumento do leite destinado á produción de nata (+132.652 t que en 2016).
- ▶ E tamén o destinado á produción de queixos (+93.514 t que en 2016) que se debe ao efecto do investimento de Entrepinares.



Importaciones e exportaciones



IMPORTACIONES ESPAÑA EN EQ. LÁCTEOS (t) LEITE DE VACA




*Neste caso o ano 2022 non está completo, só se conta con datos ata setembro de 2022 (incluído).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.

- ▶ O 2022 foi o ano no que máis toneladas de equivalentes lácteos de leite de vaca foron importados por **España**, só hasta setembro.
- ▶ Non obstante, os anos con maiores importacións en equivalentes lácteos son o 2019 e o 2020, desde ese momento as importacións redúcense.
- ▶ No 2022 as importacións representan un 47,05% das entregas de leite de **España**.
- ▶ O promedio das importacións sobre a produción nacional no período 2018-2021 foi de 41,40%.



IMPORTACIONES POR PRODUCTOS LÁCTEOS LEITE VACA (t E %) XANEIRO-SETEMBRO 2022 EN ESPAÑA




- ▶ De todos os produtos lácteos derivados do leite de vaca, os queixos supoñen o groso das importacións de **España** hasta setembro de 2022 (67,26%).
- ▶ A seguinte importación maioritaria é a da manteiga (12,11%).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.



EXPORTACIÓNES ESPAÑA EN EQ. LÁCTEOS (t) LEITE VACA DE ESPAÑA




*Neste caso o ano 2022 non está completo, só se conta con datos ata setembro de 2022 (incluído).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.

- ▶ Desde xaneiro a setembro de 2022 as exportacións de produtos lácteos supoñían 1.123.645 toneladas en termos de leite equivalente.
- ▶ Isto representa o 20,38% da produción nacional de leite.
- ▶ No período 2018-2021, as exportacións de produtos lácteos representaban en promedio do período o 19,57% da produción nacional.



DÉFICIT COMERCIO EXTERIOR ESPAÑA EN EQ. LÁCTEOS (t) LEITE VACA




*Neste caso o ano 2022 non está completo, só se conta con datos ata setembro de 2022 (incluído).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.

- ▶ O sector lácteo español presenta unha balanza comercial negativa.
- ▶ Na maioría dos anos representados o déficit supera o volume das exportacións.
- ▶ En 2021, o déficit equivale a un 19,11% das entregas de leite á industria nese ano.



IMPORTACIONES DE LEITE A GRANEL (t) DE ESPAÑA




*Neste caso o ano 2022 non está completo, só se conta con datos ata setembro de 2022 (incluído).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.

- ▶ As importacións de leite a granel son moi baixas na actualidade experimentando un descenso moi acusado desde o ano 2012.
- ▶ Nos últimos seis anos, o ano 2020 foi o ano no que máis toneladas de leite se importaron, seguido de preto polos 9 primeiros meses do ano 2022.
- ▶ As importacións de leite a granel pasaron de representar no 2012 un 7,08% da produción de leite de España e na actualidade representan un 1,06% da produción.



IMPORTACIONES DE LEITE DE VACA A GRANEL (t) - ESPAÑA




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.

- ▶ En abril de 2020, no mes seguinte a decretarse o estado de alarma e confinamento, as importacións de leite experimentan un pico (12.363 toneladas).
- ▶ O pico de importacións producido en abril de 2020 só se ve superado por outros dous no mesmo ano, en agosto e outubro, coincidindo con vagas posteriores (13.408 e 14.598 toneladas respectivamente).
- ▶ Non volveron alcanzarse valores tan altos de importacións, aínda que en 2022 se producen dous picos en abril e xuño.



EXPORTACIONES DE LEITE A GRANEL (t) EN ESPAÑA




*Neste caso o ano 2022 non está completo, só se conta con datos ata setembro de 2022 (incluído).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.

- ▶ No 2012 exportábase un 1,55% do leite producido.
- ▶ Na actualidade, a finais de setembro de 2022, expórtase a granel únicamente un 0,57% do leite producido.



EXPORTACIÓN DE LEITE DE VACA A GRANEL(t) - ESPAÑA



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de DataComex.


- ▶ As exportacións de leite a granel permanecen relativamente estables ao longo do ano e tamén do periodo 2018-2022.



Galicia no contexto europeo (NUTS-2)



PRODUCCIÓN DE LEITE (x1.000 t) NAS PRINCIPAIS REXIÓNS PRODUTORAS DA UE-27 (2021)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

- ▶ **Galicia** foi a décima rexión produtora de leite dentro do contexto da Unión Europea en 2021.
- ▶ A produción de leite de **Galicia** en 2021 foi de 3.011.000 toneladas, con cifras moi próximas a outras rexións como Schleswing-Holstein (Alemaña) e Basse-Normadie (Francia) ou mesmo Mazowiecki regionalny (Polonia).
- ▶ A principal produtora da UE é Southernm (Irlanda) con 6,46 millóns de toneladas, seguida da Bretaña francesa (5,54 millóns de t) e de Lombardía en Italia (5,42 millóns de t).



VARIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE LEITE (x1.000 t E %) NAS PRINCIPAIS REXIÓNS PRODUTORAS DA UE-27 (2014 - 2021)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

- ▶ A rexión con maior aumento da produción foi Irlanda (+39,2%), seguida de Podlaskie en Polonia (36,5%).
- ▶ **Galicia** aumentou a súa produción de leite nun 13,5% entre 2014 e 2020.
- ▶ **Galicia** mantén un crecemento constante ano tras ano, sendo a que máis aumenta a produción das que teñen producións similares, polo que de manterse esta tendencia podería chegar a situarse a medio prazo como a oitava rexión produtora da UE.



XUNTA
DE GALICIA